

ANEXO XII

DECLARACIÓN DE SOLICITUDES EFECTUADAS OU CONCEDIDAS PARA A MESMA FINALIDADE

DON/DONA	<input type="text"/>	DNI	<input type="text"/>
REPRESENTANTE DA ENTIDADE	<input type="text"/>	CIF	<input type="text"/>
CON ENDEREZO SOCIAL EN	<input type="text"/>		

DECLARO:

- Que non solicitei e non se me concederon axudas para o mesmo proxecto das distintas administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades, así como non existiren outros ingresos ou recursos que financien o proxecto.
- Que solicitei e se me concederon axudas para o mesmo proxecto das distintas administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades, así como outros ingresos ou recursos que financien o proxecto, a saber:

DESCRICIÓN DA AXUDA E CONCEPTO	IMPORTE
<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>
TOTAL	<input type="text"/>

E para que así conste, para os efectos oportunos, asino esta certificación en

_____, de _____ de _____

Asdo.:

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS

CONSELLERÍA DE FACENDA

Orde do 1 de xullo de 2009 pola que se convocan para a elección de destino definitivo os aspirantes que superaron o proceso selectivo para o ingreso no corpo superior de administración da Xunta de Galicia (grupo A), escala superior de estatísticos, convocado pola Orde do 13 de decembro de 2007.

En virtude da Orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 13 de decembro de 2007 (*Diario Oficial de Galicia* número 247, do 24 de decembro) convocouse o proceso selectivo para o ingreso no corpo superior de administración da Xunta de Galicia (grupo A), escala superior de estatísticos.

O tribunal designado para cualificar o dito proceso acordou facer pública e elevar á Dirección Xeral da

Función Pública a relación de aspirantes que o superaron na súa resolución do 9 de decembro de 2008 (*Diario Oficial de Galicia* número 244, do 17 de decembro).

Co obxecto de que os aspirantes que superaron o dito proceso selectivo poidan ser nomeados funcionarios do corpo superior de administración da Xunta de Galicia (grupo A), escala superior de estatísticos, e segundo o disposto na Lei 7/2007, do 12 de abril, no Decreto legislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia e demais normativa concordantes, esta consellería

DISPÓN:

Convocar os aspirantes que superaron o proceso selectivo para o ingreso no corpo superior de administración da Xunta de Galicia (grupo A), escala superior de estatísticos, ao acto de elección de destino definitivo que terá lugar no salón de actos pequeno da Consellería

de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (edificio administrativo San Caetano, s/n, Santiago de Compostela) o día 15 de xullo de 2009 ás 11.30 horas.

Os aspirantes convocados poderán elixir entre os postos que se relacionan no anexo desta orde segundo a orde acadada no proceso selectivo, sempre que reúnan as condicións exixidas nel.

Os aspirantes da quenda de promoción interna terán en todo caso preferencia sobre os aspirantes provenientes do sistema de acceso libre para cubrir as vacantes correspondentes.

Os aspirantes deberán ir provistos de DNI ou outro documento que acredite fidedignamente a súa personalidade; no caso de non comparecer persoalmente, poderán ser representados por terceiras persoas con poder notarial suficiente.

Aos aspirantes que non comparezan persoalmente ou por medio de representantes seralles adxudicadas en destino definitivo as prazas que lles correspondan de acordo coa orde de publicación destas e co número obtido no proceso selectivo, unha vez concluído o proceso

de adxudicación das prazas aos aspirantes presentes ou representados, entre as que queden sen adxudicar.

No caso de solicitar excedencia voluntaria por incompatibilidade deberán presentarse ao chamado cun certificado do responsable da unidade de persoal en que conste que o interesado presta servizos na actualidade na Administración, ou ben documentación que o acredite.

Contra esta orde, que pon fin á vía administrativa, poderase interpor, con carácter potestativo, recurso de reposición ante o a conselleira de Facenda no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación, ou directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses contados desde a mesma data ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de acordo co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 1 de xullo de 2009.

Marta Fernández Currás
Conselleira de Facenda

ANEXO

Relación de vacantes do corpo superior de Administración da Xunta de Galicia, grupo A, , escala superior de estatísticos

Nº	CÓDIGO DO POSTO	CONSELLERÍA	DENOMINACIÓN	NIVEL	CENTRO DESTINO	CENTRO DIRECTIVO	CONCELLO
1	FCA010000015770002	FC	POSTO BASE GRUPO A	20	INSTITUTO GALEGO DE ESTATÍSTICA	INSTITUTO GALEGO DE ESTATÍSTICA	SANTIAGO DE COMPOSTELA
2	FCA010000015770003	FC	POSTO BASE GRUPO A	20	INSTITUTO GALEGO DE ESTATÍSTICA	INSTITUTO GALEGO DE ESTATÍSTICA	SANTIAGO DE COMPOSTELA
3	FCA010000015770004	FC	POSTO BASE GRUPO A	20	INSTITUTO GALEGO DE ESTATÍSTICA	INSTITUTO GALEGO DE ESTATÍSTICA	SANTIAGO DE COMPOSTELA
4	FCA010000015770005	FC	POSTO BASE GRUPO A	20	INSTITUTO GALEGO DE ESTATÍSTICA	INSTITUTO GALEGO DE ESTATÍSTICA	SANTIAGO DE COMPOSTELA
5	FCA010000015770006	FC	POSTO BASE GRUPO A	20	INSTITUTO GALEGO DE ESTATÍSTICA	INSTITUTO GALEGO DE ESTATÍSTICA	SANTIAGO DE COMPOSTELA
6	FCA010000015770007	FC	POSTO BASE GRUPO A	20	INSTITUTO GALEGO DE ESTATÍSTICA	INSTITUTO GALEGO DE ESTATÍSTICA	SANTIAGO DE COMPOSTELA
7	FCA010000015770010	FC	POSTO BASE GRUPO A	20	INSTITUTO GALEGO DE ESTATÍSTICA	INSTITUTO GALEGO DE ESTATÍSTICA	SANTIAGO DE COMPOSTELA
8	FCA010000015770011	FC	POSTO BASE GRUPO A	20	INSTITUTO GALEGO DE ESTATÍSTICA	INSTITUTO GALEGO DE ESTATÍSTICA	SANTIAGO DE COMPOSTELA

Orde do 1 de xullo de 2009 pola que se convocan para a elección de destino definitivo os aspirantes que superaron o proceso selectivo para o ingreso no corpo facultativo de grao medio da Xunta de Galicia (grupo B), escala de axudantes de museos, convocado pola Orde do 28 de decembro de 2007.

En virtude da Orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 28 de decembro de 2007 (*Diario Oficial de Galicia* número 7, do 10 de xaneiro de 2008) convocouse o proceso selectivo para o ingreso no corpo facultativo de grao medio da Xunta de Galicia (grupo B), escala de axudantes de museos.

O tribunal designado para cualificar o dito proceso acordou facer pública e elevar á Dirección Xeral da Función Pública a relación de aspirantes que o supe-

raron na súa Resolución do 4 de xuño de 2009 (*Diario Oficial de Galicia* número 113, do 11 de xuño).

Co obxecto de que os aspirantes que superaron o dito proceso selectivo poidan ser nomeados funcionarios do corpo facultativo de grao medio da Xunta de Galicia (grupo B), escala de axudantes de museos, e segundo o disposto na Lei 7/2007, do 12 de abril, no Decreto legislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo cal se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia e demais normativa concordante, esta consellería

DISPÓN:

Convocar os aspirantes que superaron o proceso selectivo para o ingreso no corpo facultativo de grao medio da Xunta de Galicia (grupo B), escala de axudantes de museos, ao acto de elección de destino defi-